

Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 14 ao 17 de abril

Ola alumnas, como foron esas vacacións? Espero que descansárades dabondo para acometer esta 3ª avaliación, onde debemos seguir a traballar un pouquiño máis para evitar que o virus, ademais de confinarnos nas nosas casas, tampouco envíe as nosas mentes ao mundo da oscuridade, como se retornáramos por arte de maxia ao mundo medieval. Guau, vaia símil ou comparación espectacular (co permiso do departamento de lingua) que me acabo de marcar, eh? Aínda que xa sei que, a estas alturas, algún de vós me poderedes corrixir, afirmando que a Idade Media non foi tal, ese mundo culturalmente tan atrasado que tantas e tantas veces nos quixeron vender, non si?

Bueno, entón, seguindo nesta liña argumentativa, imos rematar esta semana o tema 5, A cultura e a arte do Románico, centrándonos precisamente nas características máis importantes, desa primeira gran arte medieval, na arquitectura, escultura e., pintura! Moi, moi ben, rapaces, premio para vós. Entón, imos facer así:

- Imos ver un pequeno video sobre o Románico neste enlace:
<https://www.youtube.com/watch?v=gnkE1WZGJsM>
- Facemos as actividades 1,2 e 4 (a 3 xa a temos feita, non si?) das páxinas 106, 107 e 108. sobre a arte románica.
- A continuación rematamos coa actividade: Aprender a analizar unha pintura románica da páxina 106.

E isto e todo, amigos. Espero que pasárades unhas festas tranquilas e que, agora, pouco a pouco, vaíamos retornando a un ritmo de traballo que nos axude a sobrelevar estas semanas que aínda nos quedan de confinamento. A seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,
David.